

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES E AS UNIVERSIDADE DE A CORUÑA (UDC), SANTIAGO DE COMPOSTELA (USC) E VIGO (UVIGO) PARA REFORZO DOS CENTROS DE INVESTIGACIÓN DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA (CIGUS)

A Secretaría Xeral de Universidades, de acordo coas competencias que lle outorgou o Decreto 119/2022 , do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade (Consellería), debe velar pola promoción e xestión eficiente e integradora dos recursos e capacidades de investigación do Sistema universitario de Galicia (SUG) para a súa posta en valor no marco do sistema de innovación e, particularmente, a promoción da coordinación das universidades galegas no establecemento de programas, infraestruturas e actuacións en materia de investigación.

As Universidades do Sistema Universitario de Galicia (SUG) dotanse de estruturas adecuadas para a actividade investigadora xa dende o ano 2012 tal como establece a a Ley Orgánica de Universidades, que di expresamente: "A investigación, sen perxuízo da libre creación e organización polas universidades de estruturas que, para seu desenvolvemento, determinen e da libre investigación individual, se levará a cabo, principalmente, en grupos de investigación, departamentos e Institutos Universitarios de Investigación ". Son precisamente esas estruturas organizativas que as universidades poden crear libremente, o ámbito no que se crean diversos Centros de investigación e innovación tecnolóxica (I+D+i) nas Universidades galegas xa dende o ano 2010.

Na actualidade a investigación configúrase como fundamento da docencia e como medio para o desenvolvemento científico e cultural da sociedade, a través da transferencia do coñecemento. O sistema público de I+D en Galicia, no ámbito universitario, vén amosando unha mellora da capacidade investigadora e dos seus resultados tanto pola adecuada estruturación dos recursos e da actividade de investigación como pola mellora da súa calidade.

Neste Contexto no ano 2016 a Xunta de Galicia inicia o Programa de fortalecemento de Centros de Investigación universitario e no 2019 renova e reforza, por medio dunha convocatoria en concorrencia competitiva, seu compromiso de desenvolver para Galicia un programa de centros de investigación no seo do SUG. Este programa mobiliza importantes recursos e se constitúe como pilar de funcionamento do sistema de ciencia galego.



A Consellería de Cultura, Educación, Formación profesional e Universidades é consciente de que para garantir un nivel de excelencia no sistema galego de I+D+i é esencial contar con estruturas eficaces que xeren unha contorna favorable á investigación e fortalezan un sistema integral que garanta a excelencia científica.

Os centros de investigación universitarios acreditados pola Xunta de Galicia no ano 2019 como excelentes reciben a súa acreditación como Centros CIGUS (Centros Investigación do SUG), e desenvolven investigación nas seguintes áreas:

Centros CIGUS Acreditados no 2019

Unidade	Área	Universidade
CITIC	TIC	A Coruña
CIMUS	Biomedicina e Saúde	Santiago
CINBIO	Biomedicina e Saúde	Vigo
CIQUS	Química Biolóxica	Santiago
CIM	Medio mariño	Vigo
CITIUS	TIC	Santiago
AtlantTic	TIC	Vigo
IGFAE	Física e Altas Enerxías	Santiago

Complementariamente os Plans Galegos de financiación universitaria poñen de manifesto o consenso conseguido entre a Xunta e as tres universidades para definir un marco estable de financiación e inclúen entre os indicadores de seguimento a os centros de investigación como elementos de valor y de cómputo para criterios de reparto de fondos.

Obxecto do convenio:

O presente convenio ten por obxecto o establecemento dun marco de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación profesional e Universidades para o financiamento, que lles permita desenvolver a súa actividade, aos Centros de Investigación do SUG acreditados no ano 2019, e que na avaliación final acadaron a puntuación suficiente para obter o financiamento previsto no punto 9 da Instrución 2/2022, en tanto non se publique a nova convocatoria de concorrencia competitiva á que poderán concorrer os citados centros.



A axuda repartirase nas anualidades 2022-23 e calculase en base ao concedido na Convocatoria do ano 2019.

O convenio pode atender accións realizadas desde o 1 de outubro de 2022, e terá vixencia ata o 31 de decembro do 2023.

As accións neste convenio recollen as liñas de colaboración coa UDC, USC e UVIGO para apoiar o financiamento dos proxectos estratéxicos de investigación dos centros CIGUS acreditados durante o período 2019-2022 e que poidan manter o seu nivel de actividade ata que poidan concorrer a Nova Convocatoria que se instrumentara no ano 2023 con cargo o Novo Programa Operativo FEDER 2021-27.

- **Universidade da Coruña:**
 - Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacions (CITIC)
- **Universidade de Santiago de Compostela:**
 - Centro Singular de Investigación en Química Biolóxica e Materiais Moleculares (CIQUS)
 - Centro de Investigación en Medicina Molecular (CIMUS)
 - Centro de Investigación en Tecnoloxías Intelixentes (CITIUS)
 - Instituto Galego de Física de Altas Enerxías (IGFAE)
- **Universidade de Vigo**
 - Centro de Investigación en Tecnoloxías de Telecomunicacións (atlantTic)
 - Centro de Investigacións Biolómicas (CINBIO)
 - Centro de Investigacións Mariñas (CIM)

A dotación da Consellería para este convenio é catro millóns novecentos sesenta e seis seiscentos sesenta e seis euros con sesenta e seis céntimos (4.966.665,68€), con cargo á aplicación orzamentaria 10.20.561B.744.0 (código de proxecto 2016 00129) no marco do Plan galego de financiamento universitario 2022-2026 (aprobado polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 16 de decembro de 2021, DOG número 248, do 28 de decembro).

O reparto deste importe por anualidades é o seguinte:

	2022	2023	TOTAL
UDC	10.000,00 €	509.444,44 €	519.444,44 €



USC	40.000,00 €	3.036.248,50 €	3.076.248,50 €
UVIGO	30.000,00 €	1.340.972,74 €	1.370.972,74 €
Total	80.000,00 €	4.886.665,68 €	4.966.665,68 €

As actuacións nos Centros de Investigación estenderanse ás tres universidades galegas beneficiando a todos os Centros Acreditados como CIGUS non sendo necesario promover a concorrencia competitiva por tratarse dunha acción coordinada que inclúe a todos os posibles beneficiarios para o mesmo fin: actuacións de mellora de I+D+i.

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela

José Alberto Díez de Castro
Secretario xeral de Universidades

